

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 8 DE ABRIL DE 2009

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día oito de abril deste ano, baixo a presidencia da Ilma. Sra. Segunda Tenenta de Alcalde, DONA SONIA MÉNDEZ GARCÍA, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DON LINO JOSÉ GONZÁLEZ-DOPEÑO GARCÍA, DON JOSÉ RÁBADE ARIAS e DON JOSÉ FERNANDO PIÑEIRO DÍAZ; e a membro da Xunta de Goberno Local que non ten a condición de concelleira, DONA MARÍA NOVO PENA. Actúa como Secretario o Concelleiro-Secretario da Xunta de Goberno Local, don Lino José González-Doposo García, e asisten á sesión o Secretario Xeral do Pleno, don Luis Regal Pavón, e don Xosé Manuel Cao Rei, en substitución do Interventor Xeral Municipal, , os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme os termos da orde do día os seguintes acordos:

ACTA.- Apróbase a acta da sesión da Xunta de Goberno Local, correspondente ó día 1 de abril de 2009.

ÁREA DE URBANISMO

1. PLANEAMENTO.- Acordouse resolver as alegacións e aprobar definitivamente o proxecto de reparcelamento do polígono número 2 da modificación puntual do PXOU na zona de Paradai.

Así mesmo, acordouse aprobar inicialmente os seguintes estudos de detalle:

- Estudo de detalle do quinteiro sito entre a ronda da Muralla, rúa Ruíz de Alda, rúa Monforte e rúa Miguel de Cervantes, formulado de oficio por este concello para a agregación de dúas parcelas e ordenación de volumetría e estética das unidades edificatorias 330104 e 330105 (ronda da Muralla, núm. 74-75) do Plan especial de protección, rehabilitación e reforma interior (PEPRI).

- Estudo de detalle do quinteiro sito entre a ronda da Muralla, rúa Ruíz de Alda, rúa Monforte e rúa Miguel de Cervantes, formulado de oficio por este concello para a agregación de dúas parcelas e ordenación de volumetría e estética das unidades edificatorias 330102 e 330103 (ronda da Muralla, núm. 76-77) do Plan especial de protección, rehabilitación e reforma interior (PEPRI).

- Estudo de detalle do quinteiro 1212, do Plan especial de protección, rehabilitación e reforma interior (PEPRI), formulado de oficio por este concello para a agregación de dúas parcelas e ordenación de volumetría e estética na rúa Armanyá, 33-35.

ÁREA DE INFRAESTRUTURAS

2. XESTIÓN.- Acordouse aprobar inicialmente o “Proyecto de obras ordinarias y completamiento de servicios en Illa de Toxa, Illa Formenteira”.

ÁREA DE ECONOMÍA E EMPREGO

3. CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.- Acordouse proceder á adxudicación provisional das seguintes contratacións:

- Contratación da obra de construción de zona axardinada no Camiño de Romai (entre números 15 a 25).
- Contratación da subministración e instalación dunha área biosaudable para xente maior no parque da Milagrosa do concello de Lugo.
- Contratación da subministración e instalación de diverso mobiliario para a posta en funcionamento do centro de día e centro social ubicado na rúa Carril das Hortas.
- Contratación do servizo de transporte de nenos/as dende o Carqueixo ata as escolas infantís da cidade de Lugo.
- Contratación do servizo para asegurar a conservación das instalacións e equipos ata o comezo do período de posta en marcha da ETAP de Lugo.
- Contratación das obras de iluminación pública: praza da Soedade, rúa Antón Fraguas, rúa da Raíña e Carril do Hospital.

4. INTERVENCIÓN.- Deuse conta da modificación número 2 do orzamento xeral de 2009, mediante transferencia de crédito por importe de 40.000,00 euros.

ACTAS E GOBERNO
LRP/jch
Refⁿ: 09extractoxg15.doc
Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 8-4-2009

Fóra da orde do día, e tras a declaración de urxencia previa, adóptase o seguinte acordo:

- Acordouse autorizar e aprobar a forma de compensación dos servizos extraordinarios a levar a cabo por persoal do servizo de Protocolo por mor dos actos da Semana Santa.

Lugo, 8 de abril de 2009
O CONCELLEIRO-SECRETARIO,

Asdo.: Lino José González-Dopeso García